

A MIÑA HABITACIÓN

SEMINARIO C

**ARIAS JUSTO, GUILLERMINA ALINA
FERNÁNDEZ DE VESA, VANESA
FERNÁNDEZ NOCELO, GONZALO
GAREA RAMOS, M^a CARMEN
IGLESIAS GIL, MARÍA ESTER
VIDUEIRA FRANJO, EMILIO**

CONTEXTO	3
INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA UNIDADE	3
IDEAS PREVIAS E COÑECEMENTOS PREVIOS DOS ESTUDIANTES	3
OBXECTIVOS DIDÁCTICOS	3
COMPETENCIAS BÁSICAS	4
CONTIDOS: CONCEPTUAIS, PROCEDIMENTAIS E ACTITUDINAIS	4
ACTIVIDADES	5
METODOLOXÍA	5
AVALIACIÓN DO ALUMNADO E DO PROCESO	6
CRITERIOS E INSTRUMENTOS	6
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	6
TEMPORALIZACIÓN	6
ORGANIZACIÓN ESPACIAL	7

1. CONTEXTO

- ✓ Tipo de centro: IES “O Couto”.
- ✓ Ubicación: barrio de O Couto.
- ✓ Situación socioeconómica: variada con predominio de clase media (obreira).
- ✓ Recursos do medio: Biblioteca, ciberespazos, potencialmente utilizables didacticamente.

2. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN DA UNIDADE

A materia na que se impartirá esta unidade didáctica é Tecnoloxía no curso de 4º de E.S.O. (2º ciclo da E.S.O.):

- a. Características do grupo-clase: estarán distribuídos na aula teórica de maneira individual e en filas; na aula-taller estarán distribuídos por grupos de 8 alumnos e en mesas amplias.

Grupo mixto (chicos-chicas) e homoxéneo en canto a nivel e idade.

O docente é o único profesor da asignatura e ademais é o xefe de departamento.

Número de alumnos: 30.

- b. Importancia da unidade e a súa vinculación co Decreto: relacionado co seguinte obxectivo de etapa os alumnos aprenden a abordar con autonomía e creatividade, individualmente problemas tecnolóxicos traballando de forma ordenada e metódica para estudar os problemas que se plantexen. Concebir, deseñar, planificar e construír obxectos que resolven o problema.

Así mesmo, este obxectivo relaciónase cos obxectivos do Bloque I (instalacións e vivendas).

3. IDEAS PREVIAS E COÑECEMENTOS PREVIOS DOS ESTUDANTES

O alumno deberá ter un previo coñecemento de:

- ✓ Deseño e construción de maquetas.
- ✓ Emprego de ferramentas de forma axeitada e segura.
- ✓ Uso de técnicas básicas de debuxo.

4. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Os obxectivos básicos son os seguintes:

- ✓ Abordar con autonomía e creatividade, individualmente e en grupo, problemas tecnolóxicos traballando de forma ordenada e metódica para estudar o problema, recopilar e seleccionar información procedente de distintas fontes, elaborar a documentación pertinente, concibir, deseñar, planificar e construír obxectos ou sistemas que resolvan o problema.

- ✓ Desenvolver o pensamento lóxico e matemático obxectivo na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego da perspectiva.
- ✓ Expresar e comunicar ideas e solucións técnicas, así como explorar a súa viabilidade e alcance, utilizando os medios tecnolóxicos, os recursos gráficos, a simboloxía e o vocabulario adecuado.

Os obxectivos didácticos son os que figuran a continuación:

- ✓ Manexar os compoñentes básicos que forman os circuitos eléctricos.
- ✓ Comprender os diferentes modos de agrupar ditos compoñentes.
- ✓ Adquirir coñecementos prácticos para traballar con cables, enchufes, puntos de luz, etc.
- ✓ Explorar os compoñentes da instalación eléctrica dunha habitación.

5. COMPETENCIAS BÁSICAS

As competencias básicas que se consideran nesta unidade didáctica son as seguintes:

- ✓ Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico: adecuada percepción do espazo físico onde desenvolve a vida e a actividade humana, habilidades para resolver problemas nos cales interveñen os obxectos e a súa posición.
- ✓ Competencia matemática, habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión información, datos, etc., coñecemento de elementos matemáticos básicos (medidas, símbolos, elementos).
- ✓ Competencia de autonomía e iniciativa persoal, capacidade para imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais e colectivos, utilización correcta das ferramentas.
- ✓ Competencia de debuxo técnico, técnicas e nocións básicas de debuxo técnico (saber e desenvolver aspectos fundamentais da formación: percepción e representacións).

6. CONTIDOS: CONCEPTUAIS, PROCEDIMENTAIS E ACTITUDINAIS

a. Contidos conceptuais:

- ✓ Coñecer os componentes, normativa, simboloxía, análise, deseño e montaxe en equipo de modelos sinxelos.
- ✓ Manexo de instrumentos de medida: escadra, cartabón e escalímetro.

b. Contidos procedimentais:

- ✓ Análise dos elementos que configuran as instalacións dunha vivenda: a electricidade.

- ✓ Utilización da linguaxe plástica e visual para a representación de conceptos a partir de obxectivos.
 - ✓ Representación obxectiva da realidade nun soporte bidimensional de obras.
 - ✓ Calcular magnitudes eléctricas.
 - ✓ Deseñar e construír circuitos eléctricos.
 - ✓ Interpretar esbozos.
- c. Contidos actitudinais:
- ✓ Recoñecer a importancia da electricidade no mundo actual.
 - ✓ Fomentar o aforro de enerxía eléctrica.

Ademais, trataranse os seguintes temas transversais:

- ✓ Educación para o consumidor: desenrolar unha actitude crítica en relación ca adquisición e utilización de enerxía eléctrica.
- ✓ Educación ambiental: desenrolar unha conciencia de responsabilidade e actitudes para conservar e mellorar o medio ambiente.

7. ACTIVIDADES

De maneira individual, resolve as actividades que seguidamente se che plantexan:

- a. Fai unha análise visual do teu dormitorio (observa a disposición do mobiliario, distribución do circuito eléctrico, ubicación das fiestras, portas, etc).
- b. Estuda as dimensións do espazo e obxectos empregando os distintos instrumentos métricos.
- c. Elabora varios esbozos: do alzado frontal, perfil (dereito e esquerdo) e planta do espazo. Debe existir un grao de coherencia entre a distribución dos obxectos e as dimensións.
- d. Confecciona a lapis o plano planta-acotado correspondente nun A4 branco. Emprega a escala que consideres máis adecuada.
- e. Debuxa o esbozo acotado da instalación eléctrica.
- f. Constrúe a escala unha maqueta con cartón pluma branco, na que se aprecie o funcionamento da instalación eléctrica. Esta actividade realizarase en grupo.
- g. Calcula o consumo eléctrico da túa habitación. ¿Cres que é demasiado? Razona a túa resposta.

8. METODOLOXÍA

O docente empregará unha metodoloxía activa, bidireccional e responderá ás preguntas que os alumnos lle plantexen durante as sesións. Fomentarase a

participación individual do alumnado e a aprendizaxe por experimentación e análise da realidade.

9. AVALIACIÓN DO ALUMNADO E DO PROCESO

A avaliación inicial consistirá nunha enquisa tipo test, non puntuable, para saber cales son os coñecementos previos dos alumnos en materia de electricidade, circuitos, representación de vistas e habilidades manuais.

Na avaliación sumativa ou final terase en conta a avaliación inicial, a avaliación continua e a entrega dunha reflexión final que englobe as dificultades que os alumnos tiveron durante o desenvolvemento da unidade didáctica, así como as solucións de ditos problemas.

10. CRITERIOS E INSTRUMENTOS

Na avaliación do proceso valoraranse os seguintes aspectos:

- ✓ Orde e limpeza nos planos, esbozos e maqueta presentados.
- ✓ Iniciativa e interese polos contidos plantexados na unidade didáctica.
- ✓ Actitudes.
- ✓ Preguntas, intervencións e aportacións na clase.
- ✓ Calidade e orixinalidade do traballo e da maqueta presentados.
- ✓ Hábitos de traballo.

Os instrumentos de avaliación que se empregarán son os que seguidamente se detallan:

- ✓ Ficha persoal do alumno (registro de hábitos, registro de actividades, entrega de traballos...).
- ✓ Análise dos traballos presentados.
- ✓ Enquisa.

11. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Utilizarase en primeira instancia o libro de texto durante a primeira hora de explicación. Tamén se complementará a explicación con apuntes e con exemplos na pizarra.

Tras unha primeira exposición dos contidos, poranse unhas diapositivas cos pasos a seguir, e repartiranse fotocopias resumindo o traballo a desenrolar.

Finalmente, farase unha mostra dunha maqueta exemplo, feita polo mestre.

12. TEMPORALIZACIÓN

A unidade didáctica desenvolverase durante tres horas semanais, ó longo de tres semanas, o que fai un total de nove horas. Realizarase na primeira avaliación do curso académico.

13. ORGANIZACIÓN ESPACIAL

En total contarase con nove sesións que se organizarán do seguinte xeito:

- ✓ Aula común: dúas sesións ó inicio da unidade didáctica e unha sesión ó final para a posta en común dos traballos.
- ✓ Aula de tecnoloxía: seis sesións para a confección dos planos e da maqueta.
- ✓ Casa: tempo necesario para a análise do circuíto eléctrico da habitación e esbozado desta.